


EXPOSICIÓN | VERBUM - CASA DAS PALABRAS | 29 XUÑO 2016 - 28 MAIO 2017



• EMPORIVM. •

~ MIL ANOS DE ~
COMERCIO EN VIGO



REDE DE MUSEOS
CONCELLO DE VIGO
Verbum Casa das Palabras



·EMPORIVM·

Do 29 de xuño de 2016 ao 28 de maio de 2017

Verbum

Avenida de Samil, 17
VIGO

Horarios:

Martes a venres de 17h a 20h

Sábados de 12h a 14h e 17h a 20h

Domingos e festivos de 12h a 14h

Luns pechado

Programa de visitas guiadas a partires do 5 de setembro de 2016.

Reservas: 010


Máis información na páxina web www.vigocultura.org



Díptico



Catálogo



·EMPORIVM·

~ MIL ANOS DE ~
COMERCIO EN VIGO



REDE DE MUSEOS
CONCELLO DE VIGO
Verbum Casa das Palabras

CONCELLO
DE VIGO



·EMPORIUM·

Presenta mil anos de relacións comerciais de Vigo desde a Prehistoria ata a chegada dos árabes á Península.

Mil anos nos que Vigo xoga un papel destacado na comunicación marítima do noroeste peninsular co resto do mundo coñecido, con momentos nos que foi o único enclave comercial en activo.

Este aspecto do noso pasado, ata agora máis intuído que demostrado, ten á luz dos resultados das últimas investigacións arqueolóxicas, unha razón de ser.

Emporium artella o seu relato, de xeito sinxelo e didáctico, mediante máis de 200 obxectos arqueolóxicos, restaurados e documentados expresamente para a exposición, moitos dos cales se expoñen por vez primeira ao público.

Pezas procedentes na súa gran maioría do Museo Municipal de Vigo “Quiñones de León”, con achegas puntuais doutros museos e institucións de Galicia e norte de Portugal, entre as que destacan algunhas de gran valor histórico como os cipos do Castro da Illa de Toralla, que permiten documentar a presenza de comerciantes fenicio-púnicos na ría de Vigo arredor do século V. a. C.; a espectacular crátera romana da villa de Toralla (s. IV d. C.) reconstruída para a exposición e atopada no depósito vigués aínda que probablemente fabricada en Braga; ou a cruz paleocristiana (s. VII d. C.) da que un pequeno fragmento testemuña polo seu material, ouro, e a súa factura, ser doazón dun alto eclesiástico visigodo á igrexa que no Areal daba servizo aos fieis de Vigo, un dos máis importantes puntos do comercio marítimo do momento.

Recursos técnicos e museográficos complementarios permitirán achegarnos aos contextos nos que estas pezas se produciron e tiveron pleno significado. Emporium presenta con este fin unha peza audiovisual única que a ninguén deixará indiferente porque, de xeito virtual, vainos levar ao Vigo deses mil anos de comercio.

Cal é o obxectivo principal da exposición EMPORIUM?

Contribuír a que se emprendan novas rotas polo coñecemento de nós mesmos, como persoas e como comunidade.

Dar unha oportunidade á cidadanía, especialmente á viguesa, de coñecer o seu pasado. Pasado que explica en gran parte o seu presente de cidade portuaria, industrial, de inmigración, de comercio... de espazo sempre aberto aos estímulos foráneos.

Obxectivos

- Dar a coñecer dun xeito visual o papel desenvolvido pola Ría e a cidade de Vigo no comercio a curta e longa distancia dende a prehistoria recente ata a chegada dos árabes á Península (s. VII d. C.). 1.000 anos de relacións con outras culturas das que son testemuña os materiais arqueolóxicos que compoñen a mostra.
- Compartir coa cidadanía, e o visitante en xeral, o coñecemento científico, acadado coa investigación arqueolóxica, dunha parte do noso pasado: o papel de emporium desenvolvido a través dos séculos polas comunidades que habitaron o actual municipio de Vigo.
- Sensibilizar no respecto polos traballos e materiais arqueolóxicos para a construción de coñecemento. A importancia da súa conservación e do seu estudo.

A práctica totalidade dos materiais que se mostran forman parte dos inxentes fondos do Museo Municipal de Vigo “Quiñones de León”. Un destacable conxunto de materiais arqueolóxicos, con algunhas pezas de excepcional valor, que non son coñecidos pola sociedade viguesa e, por extensión, polo resto da sociedade.

Unha parte importante e novidosa ocúpaa unha das tres áreas na que está estruturado o discurso: a tardoantigüidade. As abundantes escavacións de urxencia realizadas en áreas urbanas costeiras deron como resultado unha gran cantidade de materiais que sitúan a Vigo no panorama científico mundial ao postulalo como o enclave comercial máis importante (no tránsito de mercadorías) do mundo atlántico, xogando un papel esencial no comercio entre o mundo mediterráneo, británico, galo e escandinavo.



Seccións Narrativas

A gráfica e os textos expositivos están acompañados de panorámicas das zonas (realizadas sobre a orografía actual) onde tiveron lugar as escenas principais do pasado.

A mostra estrutúrase en tres momentos cronolóxicos nos que se determinan aspectos económico-comerciais diferentes: Prerromano, Romanidade, Tardoantigüidade.

1/ PRERROMANO



O COMERCIO DURANTE O BRONCE ATLÁNTICO

A ría de Vigo maniféstase como un área relevante dende os primeiros momentos desta etapa. Non só pola posibilidade de recibir obxectos do exterior por vía marítima, senón por assimilar novas formas e tecnoloxías, configurándose como un foco creador e difusor da metalurxia.

A IDADE DO FERRO: O TEMPO DO CASTROS E O COMERCIO PÚNICO

Neste período, a Ría de Vigo aglutina un denso hábitat castrexo. As Rías Baixas ofrecen aos navegantes refuxio e fondeadoiros naturais nas praias, que lles permiten realizar os seus intercambios coas xentes dos castros. Co pasar do tempo, do mesmo xeito que os fenicios orientais se establecen nas costas do sur peninsular, os púnicos (nome que reciben as comunidades fenicias establecidas no occidente) tamén realizan asentamentos na Ría de Vigo (documentados na illa de Toralla e na Punta do Muíño do Vento) nalgún momento do século V a. C.

A Ría convértese na saída dos metais cara a mercados alóctonos dende o interior do territorio, especialmente dos procedentes do val do Miño, onde se localizan importantes depósitos mineiros, pero tamén dos que teñen a súa orixe nas minas de estaño localizadas en zonas costeiras. Como produtos de retorno, os púnicos levaban, esencialmente, metais en lingotes (machados de bronce, pero tamén puideron ser tortas de estaño, prata ou mesmo ouro) e tamén outras mercadorías como peles, mel, madeira, sal, etc.

2/ ROMANIDADE

BAIXO O INFLUXO DE ROMA

O século I a. C. vai significar un paulatino cambio nos materiais importados, agora directamente influenciados polo control comercial de Roma durante a República Tardía. O comercio parece seguir sendo dominado polos navegantes gadiritas, polo que predominarán os produtos da zona bética, aínda que tamén empezan a chegar produtos da península itálica.

A Ría de Vigo funciona nesta etapa como un gran lugar que vai redistribuír estas mercadorías. Este comercio de curta distancia debeu estar protagonizado por galaicos, bos coñecedores da fisionomía costeira e dos camiños que comunican a costa co interior. Este



carácter redistribuidor vaise manter durante séculos. Os produtos que protagonizan este período tan concreto (séc. I a. C.) son basicamente os mesmos que na etapa anterior pero de procedencia máis variada. Aínda que a moeda grega e púnica estaba en circulación non vai ser ata agora cando comece a introducirse dun xeito importante na Gallaecia e, polo tanto, nas transaccións comerciais.

Polas costas de Vigo segue pasando a meirande parte do comercio imperial e privado durante os séculos do Imperio Romano e, como consecuencia, incrementase considerablemente a cantidade de materiais importados localizados nos depósitos da Ría.

NAS MANS DE ROMA

Durante o Imperio Romano, Vigo, como parte da Gallaecia, incorpórase ás grandes rutas comerciais, xa establecidas, dende o Mediterráneo oriental ata as illas británicas. Deste xeito chegan a Vigo ánforas co seu contido, vaixelas finas, lucernas, etc. procedentes de zonas orientais, do norte de África, da península itálica, da Galia e, en maior cantidade, das diferentes áreas peninsulares.

Entre todos os materiais foráneos destaca, pola súa gran presenza, un tipo de envase (a Haltern 70) que xa comezara a chegar no século anterior. Trátase dun tipo de ánfora –que podería conter viño, derivados deste ou olivas producidos na Bética (no Val do Guadalquivir), para ser consumidos polos galaicos. A Ría de Vigo volve a destacar por ser o lugar onde este tipo de ánfora ten máis presenza no mundo, o que indica que a súa exportación estaba claramente orientada ao mercado galaico e que a Ría foi o lugar de desembarco para a súa redistribución cara aos castros do interior.

Todos estes produtos chegaban por vía marítima posiblemente en navíos béticos que continuaban a dominar a rota do Atlántico. Pero non só se reciben produtos por vía marítima, tamén polas vías terrestres e fluviais que comunican a costa co interior. Por estas novas rutas chegan vaixelas finas producidas nos obradoiros da Rioxá que serán as máis abundantes desde finais do séc. I d. C. (substituíndo ás procedentes de Italia e a Galia) e tamén nos de Lugo e Braga, importantes centros produtores neste período.

A paulatina dependencia da Gallaecia do poder de Roma trouxo consigo importantes cambios políticos e administrativos que se viron reflectidos no hábitat e nas formas de poboamento, tanto no interior coma no exterior dos poboados.



UN VICUS “INDUSTRIAL”

Dende finais do século I e durante o século II a poboación ata agora concentrada nos castros, empeza a conformar unha nova paisaxe na ribeira. Nace o vicus portuario de chegada e saída de produtos pero tamén o industrial, produtor de sal e de salgas de peixe, importante especialización que inclúe una explotación intensiva dos recursos mariños. A sal e as salgas serán os produtos que se exporten desde a Ría cara a mercados tan afastados como as Illas Británicas ou o sur da península.

ÁFRICA E O FIN DO IMPERIO

O século IV d. C. vai significar para Vigo un importante aumento dos intercambios coa zona africana, un fenómeno global en todo o mundo coñecido pero que vai significar o final da explotación salineira no vicus. Porén as factorías de salga continúan producindo masivamente para a exportación, utilizando ánforas saídas da olaría de San Martiño de Bueu que se enchían en Vigo con peixe e prebes.

Tamén o século IV significa a introdución masiva de moeda na vida diaria coa cuñaxe de pequenos bronzes (de baixo valor) en practicamente todas as cidades do imperio. O grao de circulación era tal que chegaban sen problemas a Vigo moedas feitas en Lyon, Roma, Constantinopla ou Antioquía. A presenza de inmensas cantidades de numerario facilitaba as transaccións e o pagamento en moeda fronte a outros mecanismos como o troco.

3/ TARDOANTIGÜIDADE

VIGO, PORTA DE ORIENTE

A primeira metade do século V supuxo para Vigo un cambio no seu modelo produtivo que vai levar á cidade a recuperar o seu carácter portuario redistribuidor e perder parte do seu poder produtor.

A causa parece ser a inestabilidade producida pola chegada xermánica (suevos, vándalos e alanos) á Península Ibérica, que carrega unha crise nos intercambios e posiblemente unha modificación do hábitat do período precedente.

As industrias de salga viguesas non poden colocar os seus produtos nos mercados polo perigo do transporte marítimo, polo que acaban por abandonarse nos inicios da centuria do catrocentos.

Na segunda metade do século V d. C. prodúcese un rexurdimento do comercio de longa distancia aínda que agora non só será con África, senón tamén con Oriente e co Atlántico.

Neste momento aparecen nas zonas escavadas da cidade obxectos procedentes da Tunisia (vaixelas, ánforas, lucernas); do Exeo e de Chipre (ánforas e vaixelas); de Palestina e de Siria (ánforas); da zona Aquitana (vaixelas finas)... E, suponse que os produtos que viñan dentro das ánforas: viños de Gaza, do Exeo ou de Siria, aceite do Exeo, froitas, dátiles, etc. ademais de peixe salgado e prebes africanos e onubenses, viños e aceites africanos... etc.

Os orientais ocúpanse da ruta de longa distancia e os galaicos, os francos ou os bretóns son os que redistribúen as mercadorías.

Apenas contamos con moedas, as cecas occidentais deixan de acuñar, e suevos e visigodos acuñan pouco e a maioría en ouro, o que non facilita as transaccións comerciais. Por iso, durante estas décadas continúaase a utilizar pequeno numerario de bronce (follis) acuñado nos séculos pasados e que acompaña ao comercio de intercambio.

A mediados do século VI interrómpease a chegada de produtos mediterráneos aos mercados atlánticos. Dende o Algarve ata as Illas Británicas só hai un porto que logra manterse no comercio internacional, con presenza de produtos importados dende oriente



e África, e que permanece afastado das dinámicas globais. Ese lugar vai ser Vigo, que non só continúa funcionando senón que aumenta considerablemente a súa actividade mercantil ata os inicios do século VII. Do Atlántico norte continúan a chegar tamén pezas da zona aquitana e ámbar báltico que testemuñan a pervivencia da ruta de Vigo co norte, aínda que agora parecen funcionar nun só sentido.

A carga dos barcos sempre é variada, polo que hai que ter presente a chegada doutros produtos dos que aínda non se ten constancia no rexistro arqueolóxico, como poden ser os cereais, o alume de Focea, diversos materiais exóticos, libros litúrxicos, venenos, perfumes, xoias, metais manufacturados... etc.

De novo a riqueza metalúrxica do Noroeste debeu ser o principal motivo que impulsou o comercio nesta época, aínda que os navíos que regresaban a Oriente non só irían cargados con estaño ou chumbo. É posible que o frete fose mixto, con metais, peles e escravos nórdicos (bretóns e saxóns) moi demandados nos mercados orientais.

Este próspero emporio parece que esmorece no segundo terzo do século VII, sen que saibamos o que aconteceu para que isto sucedese. Igual que non podemos explicar a causa de que décadas atrás o mundo atlántico, excepto Vigo, deixase de recibir produtos do mediterráneo, tampouco somos quen de explicar o porqué deste final. Se cadra ten que ver coa caída de Antioquía baixo poder musulmán, que deixaba a Vigo orfo da súa metrópole ou simplemente xa non era rendible levar un produto desde tan lonxe.

O que parece claro é que Vigo xira o seu foco de interese cara o mundo do Atlántico norte, algo que xa viña facendo desde había un século, unha situación que se vai acentuar coa conquista da Península polos árabes que trae consigo o peche total do Estreito e o final dos contactos co Mediterráneo.

No 711 nace un Novus Ordo Seclorum (un novo cambio de Era tamén comercial) co seu centro no reino carolinxo e no que Vigo sitúase nun lugar periférico, o que vai marcar un período de crise, acentuada pola inseguridade tanto no hábitat costeiro como nos desprazamento marítimos debido á pirataría e as incursións viquingas e normandas.



O CRISTIANISMO

Ademais das cargas materiais que levan os barcos, neles tamén viaxan as ideas. Durante o século IV asistimos á difusión do cristianismo, agora como relixión oficial do Imperio.

Nas áreas escavadas de Vigo aínda non temos unha clara constancia de edificios de culto con esta cronoloxía, nin sequera algún epígrafe funerario. Pero o que si se observa claramente é a inclusión dun novo ritual nas necrópoles do vicus: os defuntos son soterrados seguindo o rito cristián.

Os produtos decorados ao gusto clásico, van sendo substituídos por outra estética máis acorde coa relixión do momento e que contribúe tamén á difusión da relixión oficial.

PEZAS DESTACADAS

A selección de pezas realizouse atendendo tanto ao seu valor testemuñal como á súa excepcionalidade ou didáctica. A cantidade é a mínima que permite a narración do discurso. Son máis de douscentos obxectos arqueolóxicos expostos que supoñen menos do 1% dos materiais conservados nos depósitos do museo. Todas as pezas responden a un criterio de selección e, en moitos casos, son pezas excepcionais e únicas. A maior parte dos materiais son exhibidos por primeira vez. Outras pezas, polo contrario, son vellas coñecidas pero que teñen por vez primeira a oportunidade de ser resignificadas.



Cipos do Castro da Illa de Toralla
S. V. a. C. Constitúen un dos restos arqueolóxicos máis importantes para documentar a presenza de comunidades púnicas nos lugares de intercambio. Forman parte dun mundo de crenzas alleas ás comunidades do noroeste e, ata actualidade, só foron atopados na Ría de Vigo. Esta é a primeira vez que se exhiben os dous exemplares de Toralla xuntos.



Conxunto de Haltern 70
S. I. a. C. - S. I. d. C. As Rías Baixas son un dos maiores puntos de concentración do imperio de ánforas desta tipoloxía. A ánfora, o envase por excelencia no mundo mediterráneo, serve para transportar viño pero tamén outros produtos como olivas ou salgas. A Haltern 70 é un envase multiusos que ten nos xacementos vigueses a súa maior cantidade de exemplares.



Conxunto de Cabo de Mar
S. I. d. C.: son vellas pezas nas exposicións permanentes do museo, pero por primeira vez móstranse no seu conxunto de pecio romano, unha carga afundida no século I d. C. espallada pola ría. Un naufraxio, unha das máis salientables testemuñas do transporte de mercadorías en calquera época.



Crátera da villa de Toralla

Ss. IV-V. d. C. Exponse por primeira vez a reconstrución desta peza única caracterizada polas súas asas en volutas e decoración pintada. Os motivos representados son animalísticos, fantásticos e vexetais.

Probablemente a peza de Vigo foi realizada nos obradoiros de Braga a finais do Imperio Romano. É un artigo de luxo.



Xoias de vidro negro

Ss. IV-V. d. C. Un conxunto de xoias realizadas en vidro de cor negro, unha das especialidades dos obradoiros de Braga.

Vigo posúe neste momento practicamente todo o catálogo destes adornos que imitaban o acibeche: brazaletes, un anel, contas de diferentes formas entre as que destacan as que conformaban pulseiras articuladas... e un colgante en forma de xarra que constitúe unha peza excepcional no repertorio.



Ungüentarios

Ss. VI-VII d. C. O excepcional e mediático achado, no túnel do Areal, dunha pequena anforiña destinada a conter óleos, exhibese acompañado de fragmentos doutros exemplares atopados na cidade.



Cruz

S. VII d. C. Fragmento dunha pequena cruz grega feita en ouro con pedras engastadas en cabuxón. Este tipo de manifestacións artísticas son características da etapa xermánica. No entanto, é un achado excepcional en canto a súa rareza no noroeste. A súa tipoloxía está emparentada co exemplar do tesouro de Torredonjimeno, Jaén.



ORGANIZA

CONCELLO DE VIGO
Abel Caballero Álvarez
Alcalde de Vigo

Cayetano Rodríguez Escudero
Concelleiro-delegado da Área de Cultura

Jesús López Moure
Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural

Ignacio Oliveira López
Xefe do Servizo de Museos Municipais

EXPOSICIÓN

PROMOCIÓN E XESTIÓN

Concellería Delegada da Área de Cultura - Concello de Vigo

DIRECCIÓN TÉCNICA

José Ballesta de Diego
Director do Museo Municipal de Vigo «Quiñones de León»
Pilar Egea Torrón
Técnica de recursos e programas do Museo Municipal de Vigo «Quiñones de León»

PROXECTO E COMISARIADO

Adolfo Fernández Fernández
Pilar Barciela Garrido

COORDINACIÓN DE PROXECTO

ILUMINART S.L.
Andrea Serodio Domínguez

DESEÑO EXPOSITIVO

LIQE ARQUITECTURA
Javier Couto Granja
Alexandre Cameselle Vila

DESEÑO GRÁFICO

DESOÑOS

MONTAXE E RECURSOS

MUSEOGRÁFICOS

CARPINTERÍA J. ROUCO
José Álvarez Rouco
ILUMINART S.L.

RESTAURACIÓN

BIC MATERIALES Y CONSERVACIÓN

REXISTRO

Lola Álvarez Rey

AUDIOVISUAL

Alicia Colmenero Fernández
Magoga Piñas Azpitarte

ILUSTRACIÓN

ILUMINART S.L.
Jacobo Fernández Serrano

Debuxos

© Antonio de la Peña, Mario da Cruz, Adolfo Fernández, Marta Díaz, Alba Antía Rodríguez Nóvoa, Mikel Díaz Rodríguez

FOTOGRAFÍA

DESOÑOS
Nando Iglesias

© José Manuel Hidalgo Cuñarro, Fernando Alonso Romero, María Jesús Iglesias Darriba (Adro Arqueoloxía S.L.), Emilio Abad, Miguel A. Sartal Lorenzo (Adro Arqueoloxía S.L.), Juan Carlos Castro Carrera (Anta de Moura S.L.), Museo Massó, Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, Museo Provincial de Lugo, Museo Don Diogo de Sousa, Museo Británico.

VIDEO PROMOCIONAL

VERVE CREATIVE GROUP

TRANSPORTE

ARTECOM S.L.

SEGUROS

AXA ART COMPAÑÍA ASEGURADORA

ENTIDADES PRESTADORAS

Museo Municipal de Vigo “Quiñones de León”, Museo Provincial de Pontevedra, Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, Museo Provincial de Lugo, Museo do Mar de Galicia, Museo Massó, Museo D. Diogo de Sousa, Museo Arqueolóxico de Santa Trega, Museo Diocesano de Tui, Universidade de Vigo, Universidade de Santiago de Compostela.

CATÁLOGO

EDICIÓN

Concellería-delegada de Cultura

COORDINACIÓN EDITORIAL

Adolfo Fernández Fernández
Pilar Barciela Garrido

TEXTOS

Adolfo Fernández Fernández
Pilar Barciela Garrido

© Alicia Perea, Andrea Serodio, Claudio Capelli, Cristina Toscano Novella, Eduardo Rodríguez Sainz, Emilio Abad Vidal, Enrique García Vargas, Eusebio Rey Seara, Fermín E. Pérez Losada, Javier Luaces Anca, José Suárez Otero, Josefa Rey Castiñeiras, Juan Carlos Castro Carrera, Juan Luís Naveiro López, M^a Jesús Iglesias Darriba, Marta Díaz Fernández, Marta Lago Cerviño, Michel Bonifay, Miguel Cau Ontiveros, Rafael M^a Rodríguez, Ramón Patiño Gómez, Roberto Bartolomé Abaira, Soledad Prieto Robles

DESEÑO GRÁFICO

DESOÑOS

FOTOGRAFÍA

DESOÑOS
Nando Iglesias

© Emilio Abad Vidal, Alicia Colmenero Fernández, Magoga Piñas Azpitarte